

## DECRETO NÚMERO 17005965 DO 27/06/2017

Ilma. Sra. Dona Ana Prieto Nieto Tenenta de Alcalde delegada da Área de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico.

Instruído expediente relativo a: **PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE 13 POSTOS DE VENDA DE MERCADORÍAS E 7 ATRACCIÓN S INFANTÍS ECOLÓXICAS NO ARDE LUCUS 2017. EXPDTE 14-2017. ADXUDICACIÓN DE POSTOS.**

Examinado o expediente de referencia e vistos:

I.- Informe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do día 22 de xuño de 2017, onde na súa parte expositiva se sinala o seguinte:

### “ANTECEDENTES

1º.- Acordo num. 17/196 de 12 de abril de 2017 da Xunta de Goberno Local polo que se aproban as Bases técnicas e administrativas que rexerán no procedemento de licitación convocado para a autorización de instalación de 13 postos de venda de mercadorías e atraccións infantís ecolóxicas na festa ARDE LUCUS 2017 prorrogable para o ano 2018 así como a delegación de competencias para a resolución deste procedemento e demais actos de desenvolvemento e execución destas Bases na Tenente Alcalde Delegada da área de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico ou naquel Concelleiro/a que legalmente a substitúa

2º.- Anuncio de licitación publicado no BOP num. 094 de 25 de abril de 2017.

3º.- Acta da Comisión avaliadora de data 13 de xuño de 2017 inxerida no perfil do contratante do Concello de Lugo de apertura de documentación incluída no sobre A

4º.- Acta da Comisión avaliadora de data 13 de xuño de 2017 inxerida no perfil do contratante do Concello de Lugo de apertura de documentación no sobre B e lectura de oferta económica.

5º.- Acta da Comisión avaliadora de data 19 de xuño de 2017 inxerida no perfil do contratante do Concello de Lugo de proposta de adxudicación de postos”.

II.- Escrito de renuncia presentada por don JOSÉ ANTONIO AYUSO GONZÁLEZ con data do 26.06.17 a ser adxudicatario do posto solicitado.

III.- Informe da Intervención Municipal do día 27 de xuño de 2017, referencia 365/2017, relativo á fiscalización da presente fase do expediente.

## CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/cbg

Refª: 1498565496282.doc

Asunto:

IV.- Documentación acreditativa do cumprimento das condicións das pólizas de seguro de responsabilidade civil presentada polos persoas propostas pola Comisión de Avaliación agás varios que teñen pendente de acreditar estas condicións de modo que a adxudicación queda condicionada.

Por todo o anteriormente, e no uso das atribución conferidas á Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local 17/196 de 12 de abril de 2017 propónse a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Excluir do procedemento de licitación ás persoas abaixo relacionadas polos motivos sinalados na Acta da Comisión avaliadora de 13 de xuño de 2017:

- **DONA MARÍA TBABA CHERKAQUI**, por presentar as fotografías no sobre B incumprindo as Bases do procedemento.
- **DONA DIANA C. SOSA LIBERATO de GARRAPIÑADAS MI TIERRA, S.L .** por presentar a documentación toda xunta sin estar dividida en dous sobres A e B pechados incumprindo as Bases do procedemento
- **MARIA TERESA SOLA GARCÍA** por presentar os sobres A e B abertos incumprindo as Bases do procedemento.
- **JOSE IGNACIO CASTILLO BERMÚDEZ** por presentar os sobres A e B abertos incumprindo as Bases do procedemento
- **GLADIS LUCILA ALMENDRAS ROJAS** por presentar a documentación en correos en prazo pero non enviar fax avisando da súa entrega de modo que se recibe no Concello o día 9-06-2017 fóra de prazo. O sobre B se recibe no Concello o día 12-06-2017 tamén fóra de prazo.

**SEGUNDO.-** Excluir do procedemento de licitación ás persoas abaixo relacionadas polos motivos sinalados na Acta da Comisión avaliadora de 13 de xuño:

- **DON GUILLERMO MELERO COMES** por presentar oferta para a parcela C2 que non existe.
- **DONA GEMA MARÍA SANDA LÓPEZ** por presentar oferta a 4 postos ( 22,24,50 e 55) incumprindo a Base segunda que establece que os interesados só poderán presentar oferta para dúas parcelas (identificadas como parcela 1 e 2 no anexo da oferta), se ben só poderá ser beneficiario dunha, agás no caso das atraccións infantís ecolóxicas, onde se poderán autorizar varias a un mesmo beneficiario no caso de que ditas atraccións sexan substancialmente diferentes a xuízo da Sección de Xuventude mediante informe motivado

**TERCEIRO.-** Excluir do procedemento de licitación á persoa abaixo relacionada polos motivos sinalados na Acta da Comisión avaliadora de 19 de xuño:

- **DONA NOELIA GUTIÉRREZ GARCÍA**, queda excluída da licitación á vista das fotografías presentadas ao tratarse de produtos non conformes á época, e en aplicación da Base Novena que di “*Quedarán excluídos do procedemento aqueles licitadores que á vista da documentación presentada, en particular as fotografías ou descrición da decoración das paradas, vestimenta e produtos ou materias á venda non resulten conformes coas esixencias destas bases por non ser acordes coa temática do mercado romano ou por supoñer un incumprimento das obrigas establecidas nestas bases. Non se aceptarán paradas que poñan a venda produtos ou roupas non acordes a época que representa a festa.*”

**CUARTO.-** Adxudicar os postos indicados ás persoas relacionadas na táboa seguinte:

NOME	PARADA	TAXA OFERTADA	PUNTOS TOTAIS	DOCUMENTACIÓN PENDENTE DE PRESENTAR PARA SER ADXUDICATARIOS
Productos El Bici S.L.	1	2508	37	
Lorente y Carmona S.L.	16	455	40	
María Bernier García	22	450	44,50	
Vanessa Franco Martín	24	600	35	
Graciela Jiménez Azcoitia	26	243,24	20,59	
Luis Fernando Jiménez Bernal	29	150	38	-Falta Póliza de seguro con coberturas esixidas.
Mª José González Álvarez	32	225	41	
Ana Belén Campos Coto	50	300	37,64	-Falta Póliza de seguro con coberturas esixidas.
Cecilia Machado	54	173,82	46	
Tania Balaguer Díaz	55	582	39,10	
Embutidos Suarna S.L.	58	502	35,81	
Manuel Agulla Insuela	60	300	35	
Marco Carballo Alonso	63	400	47	
Juan Luis Cataluña Medina	3H	400	37	-Falta Póliza de seguro con coberturas esixidas para as ATRACCIÓNES ECOLÓXICAS (cobertura patronal)
Juan Luis Cataluña Medina	4H	600	37	
J. César Villagrán Martínez	5H	150	37	- Falta Póliza de seguro con coberturas esixidas para as ATRACCIÓNES ECOLÓXICAS

**CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO**

XMCR/cbg

Refª: 1498565496282.doc

Asunto:

				( cobertura mínima de 1.000.000 €, cobertura de explotación e patronal, e sublímite vítima 250.000 €) . - Falta recibo de pago
J. César Villagrán Martínez	6H	300	37	
Juan Luis Cataluña Medina	7H	600	37	

**Esta adjudicación quedará condicionada á presentación antes día 30 de xuño da documentación arriba indicada para o caso de que non estivera xa presentada polos licitadores que se propoñen como adjudicatarios.**

O Concello de Lugo comprobará de oficio que os licitadores propostos se atopar ao corrente coas obrigas tributarias co propio Concello de Lugo.

**O importe ofertado (taxa) por cada adjudicatario deberá ingresarse nos lugares e prazos establecidos na Carta de Pagamento que se adxunte a esta resolución.**

**De non aboarse o importe ofertado nos prazos establecidos quedará extinguida e sen efecto a autorización e a parcela quedará a libre disposición do Concello que poderá adjudicala a outra persoa a través do procedemento establecido para postos vacantes.**

**QUINTO.-** Dar traslado da presente resolución, a cal pon fin á vía administrativa ás partes interesadas e dependencias municipais afectadas, con indicación que contra a mesma caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Non obstante o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común ante o órgano competente e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

Cúmprase.